



sindicato
labrego galego
comisións labregas

membro de:



Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

Comunicado de
prensa do SLG

22-07-2020

Días decisivos para o futuro da Política Agraria na Galiza: sen noticias da Consellería do Medio Rural

O acordo alcanzado onte entre os Xefes de Estado e de Goberno para orzamento da PAC no período 2021-2027, é realmente malo para as explotacións galegas e as implicacións na Política Agrícola Común van máis alá da diminución dos fondos.

Con ser moi malo o recorte de fondos, desde o Sindicato Labrego Galego **pensamos que pode ser moito peor para Galiza o resto das cuestións referidas á PAC que se reflicten no acordo.** Non deixa de ser curioso que uns poucos aspectos reflectidos no acordo poidan ter tal influencia no que vai ser a PAC a partir do 2023 e incluso antes.

Polo que se refire á diminución de fondos, segundo os cálculos da COAG, o Estado Español tería no seu conxunto uns 804 millóns menos e hai unha rebaixa xeral do 12,2% , máis acusada no apartado de Desenvolvemento Rural (-19,7%). Ademais reduciron á metade (7.500 agora) o importe que tiñan previsto incorporar ao desenvolvemento rural para afrontar a transición verde.

Esta rebaixa xa se vai facer evidente para os pagos que se fagan con cargo aos orzamentos do ano 2021. A estrutura dos pagos directos vai seguir igual durante os anos 21 e 22, pero con este novo orzamento polo que, seguramente, será un pouco menor pero non deberiamos ter grandes cambios no que se percibe.

No ano 2023 entrará a nova estrutura da PAC e entón sí que imos notar os cambios, e non só polo menor orzamento. Esta nova estrutura estase organizando agora mesmo, dentro de seis meses xa vai ser tarde para aportar. **Mañá, 23 de xullo, hai unha xuntanza entre o Ministerio de Agricultura Español e as Consellerías de Agricultura de todas as comunidades autónomas para definir a nova estrutura.** E isto si que vai ter extraordinaria importancia para todas as explotacións galegas. **Sabemos que vai defender a Consellería para Galiza? Non.**

O importe de fondos para Galiza depende desa menor asignación para o Estado español, pero depende aínda máis de como se repartan dentro do Estado español eses fondos cumprindo cos Regulamentos que se aproben na UE.

E aquí entramos nos temas que figuran neste acordo, que non só non modifican a estrutura dos pagos actual, empeoran bastante o que había ata o de agora. Das cuestións que figuran, hai una só parcialmente positiva que é o incremento do cofinanciamento dos fondos de desenvolvemento rural: cremos que non é suficiente, pero mellórase respecto á proposta de Regulamento. E temos **dúas cuestións que nos parecen unha tomadura de pelo** para todas as persoas que se dedican a agricultura e a gandería e máis para as galegas:

1.- O **capping**, o límite de pagos, empeora con respecto á proposta inicial : voluntario para os Estados, a partir dos 100.000 euros , só para a axuda básica á renda e coa posibilidade de restar custes laborais. Isto significa que teremos menos fondos, pero as explotacións que cobran moito, seguirán cobrando moito: no Estado imos seguir tendo perceptores de PAC de varios millóns de euros. Na Galiza, que cobren máis de 100.000 euros de pago básico hai dúas explotacións.

Esto implica que a tan cacarexada mellora no reparto das axudas queda, como sempre, nos papeis: o 20% dos perceptores van seguir cobrando o 80% dos fondos e xa veremos se non hai concentración aínda maior polo seguinte punto.

2.- A converxencia dos pagos directos por hectárea. Din que no ano 2022 todos os Estados membros terán un nivel de polo menos 200 euros por hectárea e todos os Estados membros alcanzarán polo menos 215 euros por hectárea en 2027. Neste caso, Galiza perde sempre dentro do Estado e dentro de Europa, porque ten unha porcentaxe Superficie Agraria Útil das máis baixas do Estado e de Europa e dentro desa SAU temos moitas hectáreas que non cobran PAC neste momento e temos unha superficie media por explotación moi baixa. Por estas peculiaridades galegas, esta converxencia dos pagos directos pode ser extraordinariamente negativa na Galiza posto que o pago por hectárea vai sufrir bastantes variacións para adaptarse á converxencia e vai significar outro reparto de fondos distinto por rexións dentro do Estado.

O resto das cuestións que figuran no acordo tamén son moi importantes e iremos vendo como se concretan: Posibilidade de traspasar ate o 25% dos fondos entre piares (incluso maior porcentaxe en certas circunstancias), o importe da reserva de crise e de onde saen os fondos , 500 millóns para desenvolvemento rural no Estado español a maiores.

O Sindicato Labrego Galego pensa que os pasos que se están dando para a reforma da PAC van seguir afondando nunha PAC que, claramente, fracasou. Fracasou en toda Europa, e aínda máis na Galiza, no mantemento da agricultura familiar no territorio e fracasou no establecemento de rendas dignas para as produtoras e produtores. Todo apunta a que vai seguir sendo o mesmo pero peor: probablemente as pequenas explotacións cobren menos aínda porque, por un lado temos menos fondos, e ademáis, polo que deixan ver eses dous puntos, as grandes explotacións queren seguir cobrando o mesmo e están facendo o posible para que nada cambie, eso sí, todo revestido de loita contra o cambio climático e sostibilidade medioambiental cando é este sistema agroindustrial promovido pola PAC e destinado á exportación o que contribúe realmente ao cambio climático.

Desde o Sindicato Labrego Galego seguimos reclamando unha Política Agrícola Común que avance xa na transición cara modelos agroecolóxicos, cun orzamento suficiente, cunha “axuda básica á renda” que responda de verdade ao seu nome, cunha axudas que se paguen ás persoas e non as hectáreas, cunha verdadeira simplificación que faga a PAC entendible para as persoas e que poña no centro da PAC uns prezos xustos.

Saúdos do Gabinete de Comunicación do Sindicato Labrego Galego

Se precisan máis información, poden falar con

Ana Rodríguez, no teléfono 609 100 922